La Voz de Galicia MARTES 12 FEBREIRO 2019 • ANO VI - Nº 183 • Correo - liderlugo@lavoz.es

1. Líder BASKET



55 41

# OS ROOKIES MANDAN

**Hierros Ferreiro alzouse co título provincial de Segunda División Júnior Masculino cun plantel formado exclusivamente por xogadores de primeiro ano.**

Os de Óscar Engroba acceden á fase de campións xunto co Ría de Ribadeo

JÚNIOR SEGUNDA FEMININA

## Ribadeo, á segunda fase co título zonal

O conxunto de Jose Vázquez, que non partía como favorito, clasifícase ademais coa condición de campión Provincial da Segunda División



LIGA GALEGA CADETE E JÚNIOR FEMININA

## Dobre cita entre semana Ensino - Estudiantes

**Hoxe a partir das 20:15 horas no Anexo mídense as cadetes de Liga Galega con moito en xogo nunha competición ao roxo vivo, mentres que o venres chega a quenda das júnior nun encontro que tamén se disputará no Anexo a partir das 19:30 horas**

# O rebote e as boas lecturas de xogo en ataque foron as claves

**ESTUDIANTES SAÍU DE NOVO AIROSO DUN PARTIDO TRAMPA** para continuar metendo presión a Peleteiro no alto da clasificación da Liga Galega júnior masculina

| SILGATEC 77 | Pts. | ESTUDIANTES 91 | P |
|---|---|---|---|
| Arvefe | | Lucas | 11 |
| Barreiro | | Janusevicius | 32 |
| Chorén | | Luis | 12 |
| Kovac | | Cabe | 51 |
| Noya | | Diego | 2 |
| Álvarez | | Trabado | 1 |
| Loureiro | | Mark | 18 |
| Martínez | | Jose | |
| Castaño | | Alberto | |
| Cabezas | | | |

**"Todos los jugadores dieron un paso adelante para superar las adversidades que se fueron planteando a lo largo del encuentro"** MARCOS LÓPEZ Estudiantes Lugo

Estudiantes sumou unha nova vitoria na Liga Galega júnior masculina e segue sen dar tregua a Obradoiro Peleteiro no alto da clasificación. Os de Marcos López, por segunda xornada consecutiva, disputaron un encontro trampa no que, por momentos, tiveron que sacar a relucir a súa mellor versión para poñer fin á resistencia dun Silgatec que pouco ten que ver co que pasou pola primeira volta polo Anexo, onde encaixou unha clara e contundente derrota, 110-40.

Desde os primeiros minutos comprobouse que a referencia do partido da primeira volta non sería válida. Silgatec, cun xogador moi físico na pintura e un base con boa toma de decisións en curtas distancias, obrigou a Estudiantes a sacar a súa mellor versión durante moitos minutos.

Marcos López tivo ademais a ausencia de Iago polo que ante a intensa defensa local nos bloqueos, os celestes tiveron que tirar de acerto no tiro exterior.

O primeiro parcial pechou se con 20-26 mentres que, no segundo, Estudiantes conseguiu aumentar a vantaxe cun 14-27 que deixaba o marcador en 37-50 antes do descanso.

Nos segundos vinte minutos, Silgatec endureceu o xogo pero Estudiantes nunca se borrou. Ata cando peor pintaban as cousas cos locais recortando puntos ata chegar a poñerse a tan só catro, os de Marcos López mantiveron a calma como fixeron a pasada xornada ante Tui para saír de novo airosos doutro partido trampa do que volven saír reforzados.

Na próxima xornada Estudiantes recibe a Porriño no Anexo e Obradoiro Peleteiro recibe en Santiago a Basquet Coruña.

**32**

**PUNTOS JANUSEVICIUS** o máximo anotador do baloncesto base lucense volveu a exhibir o seu acerto en Vilagarcía situándose por riba dos trinta puntos ante unha defensa dura do equipo local

**+4**

**NA SEGUNDA PARTE** pese a que ao descanso se chegou con 37-50 no marcador, na segunda metade, Silgatec chegou a poñerse a catro puntos. Pero como ante Tui a pasada semana, Estudiantes sacou a súa mellor versión nos momentos máis complexos



Cabe lanzando a canastra a unha man no Anexo

## Tralo Celta chega o derbi capitalino

**O ENSINO** caeu con 14 triplos celestes e xa pensa en Estudiantes

| CELTA 88 | Pts. | ENSINO 47 | Pts. |
|---|---|---|---|
| Comesaña | | Marina | 6 |
| Fontela | | Natalia M. | 5 |
| Yáñez | | Carmen | 19 |
| Otero | | Nuria | 9 |
| Prieto | | Maite | 7 |
| Fernández | | Natalia G. | 1 |
| Vázquez | | | |
| Gil | | | |
| Vidal | | | |
| Freire | | | |
| Neira | | | |


Maite buscando a mellor opción de pase no Anexo

O Durán Maquinaria Ensino ten desde fai tempo esta semana marcada en vermello no seu calendario. Un tramo de competición no que, tras visitar ao imbatible Celta de Vigo, o conxunto de Miguel López mídese a Estudiantes, o venres a partir das 19:30 horas no Anexo, e a Arxil, o domingo a partir das 12:00 horas.

O futuro inmediato e a longo prazo pasa por estes dous encontros, unha vez superado o único escollo que se presentaba no camiño de forma insuperable, o partido en Vigo ante o Celta.

**"Las jugadoras han dado lo mejor de si durante los 40 minutos. Ante esa actitud me quito el sombrero, les aplaudo con fuerza y ahora vamos a seguir entrenando para preparar bien los próximos partidos"** MIGUEL LÓPEZ Ensino

O Ensino presentouse con tan só seis xogadoras dispoñibles polo que as opcións de competir reducíanse. Con todo, por momentos, as lucenses puxéronse o mono de traballo e a base de intensidade miráronlle aos ollos ao coloso desta competición. Un Celta que segue sumando por vitorias os seus encontros e que exhibiu a súa artillería con 14 triplos ao longo do encontro. O Ensino, pese a ir por detrás no marcador, nunca baixou os brazos, pero sempre tivo a mirada posta no derbi do venres.

## Rumbo fixo e fiable do Estudiantes

**AS DE FERNÁN VARELA** sumaron unha nova vitoria en Vilagarcía

| CORTEGADA 41 | Pts. | ESTUDIANTES 73 | Pts. |
|---|---|---|---|
| Caeiro | | Ana | |
| De Angelis | | Zeltia | |
| Nartallo | | Eva | |
| Santorum | | María | |
| Motenegro | | Adriana | |
| Barciala | | Alba | |
| Pérez | | Sabela | |
| Martínez | | Yashina | |
| Chaves | | Candela | |
| Navarro | | Alexia | |
| Rey | | | |


Ana De Matías subindo o balón nun partido no Anexo

O precedente do encontro de ida no Anexo no que Estudiantes se impuxo con facilidade tras asinar un dos seus mellores encontros da tempada cun contundente 85-43 podería invitar a certa relaxación.

Con todo, as celestes afrontaron o encontro coa intensidade adecuada e puideron conter a boa posta en escena local na que cargaron ben o rebote e suscitaron unha defensa moi agresiva que desembocou no 16-16 ao final do primeiro cuarto.

As sensacións das lucenses eran mellores que as que reflectía o marcador e estas confirmáronse no segundo parcial no que Estudiantes puxo terra polo medio cun bo baloncesto, para asinar un segundo parcial de 8-21 co que se chegou ao descanso con 24-37 no electrónico.

**"Felicidades a todas las jugadoras por su capacidad para poder jugar a un ritmo tan alto"** FERNÁN VARELA Estudiantes Lugo

O parón do intermedio non rompeu a concentración lucense e, na segunda parte, mantiveron o listón de esixencia moi alto, algo que non puido manter Cortegada, que se viu superado pola intensidade celeste encaixando dous parciais na segunda parte de 9-19 e 8-17 para deixar o marcador no definitivo 41-73.

**15/02**

**O PRÓXIMO VENRES** derbi no Anexo ante o Durán Maquinaria Ensino a partir das 19:30 horas

# Estudiantes está preparado para asaltar o liderado no Anexo

**NA PRÓXIMA XORNADA, A PENÚLTIMA DESTA PRIMEIRA FASE,** os celestes reciben a Balidea Obradoiro, líder de grupo cunha vitoria máis que os lucenses

| 74 B. FERROL Xogador | PTS. | 103 ESTUDIANTES Xogador | PTS. |
|---|---|---|---|
| Castro | | Sergio | 4 |
| Gómez A. | | Eloy | 7 |
| Gómez O. | | Jorge | 21 |
| Sánchez | | Iker | 10 |
| Veiga | | Anxo | 8 |
| Vidal | | Álvaro | 15 |
| Chao | | Olloqui | 11 |
| Rey | | Dani | 6 |
| Valenciano | | Durán | 3 |
| Porta | | Pedro | 13 |
| Estévez | | Lucas | 2 |

Estudiantes quentou motores e afinou a posta a punto de cara ao próximo encontro, o penúltimo desta primeira fase no que recibirán ao Obradoiro, líder, cunha vitoria máis que os de celestes. No partido de ida disputado en Santiago, os composteláns impuxéronse por catro puntos, 80-76, polo que Estudiantes necesita gañar por máis de cinco puntos para asaltar o primeiro posto da competición co engadido de sumar unha vitoria máis na segunda fase, ao xogarse baixo sistema olímpico.

Obradoiro, ademais de visitar o Anexo na próxima xornada, terá por diante unha última cita de máxima esixencia xa que recibirá na última xornada a Rosalía, terceiro clasificado empatado con Estudiantes con cinco vitorias e unha derrota, polo que a falta de dous encontros aínda hai moitas cousas que dicir por parte dos celestes, Obradoiro e Rosalía neste grupo

**+100**

**PUNTOS ANOTADOS** por segunda xornada consecutiva. Ante Carballo os celestes fóronse ata os 130 e en Ferrol asinaron 103, polo que chegan co punto de mira afinado ao encontro máis importante do que vai de tempada

**2**

**XORNADAS** para o remate desta primeira fase. Estudiantes recibe a Obradoiro a próxima xornada nun duelo polo liderado, mentres que na última visitan a Basquet Coruña. Obradoiro, pola súa part,e xoga co segundo e o terceiro nas dúas últimas citas

**21**

**PUNTOS DE JORGE** que foi o máximo anotador estudiantil en Ferrol, nun encontro no que Iker, Álvaro, Olloqui e Pedro tamén asinaron dobres díxitos de anotación individual

Norte da Liga Galega cadete masculina.

Estudiantes viaxou a Ferrol coa premisa de gañar e sumar en boas sensacións. O primeiro obxectivo cumpriuse, aínda que o segundo chegou a contapingas, xa que os lucenses mesturaron moi bos momentos de baloncesto con outros de menos intensidade que neste encontro non tiveron efecto no marcador, pero que poden ser unha lousa nas próximas citas.



Javi Peinó e o seu banquiño celebrando unha acción do Estudiantes nun partido disputado no Anexo

**"Debemos trabajar mejor y ser más constantes a lo largo de los cuarenta minutos de juego"** JAVI PEINÓ Estudiantes Lugo

A posta en escena foi un deses picos altos, cun parcial inicial de 2-20. Con todo, cando parecía que o partido estaba sentenciado, a relaxación celeste meteu de novo a Ferrol no partido ao pecharse o primeiro parcial cun axustado 22-23.

No segundo cuarto Estudiantes volveu poñerse o mono de traballo e con iso despegó de novo no marcador cun segundo parcial de 9-34 para chegar ao descanso con 31-57.

No terceiro cuarto, cun parcial de 16-29, o encontro si que quedou sentenciado completamente, polo que nos últimos dez minutos Estudiantes empezou a pensar en Obradoiro e Basket Ferrol puido maquillar un pouco a diferenza final cun último parcial de 27-17 para deixar o marcador en 74-103.

## CAFÉS CANDELAS ENSINO - ESTUDIANTES LUGO

## O DERBI CADETE FEMININO SERÁ ESTA TARDE A PARTIR DAS 20:15 HORAS NO ANEXO CON MOITO EN XOGO

O Cafés Candelas Ensino recibe esta tarde no Anexo ao Estudiantes nun novo derbi capitalino na máxima categoría do baloncesto cadete feminino. Como vén a sendo tónica nestes clásicos os encontros aprázanse, polo que non podemos dar constancia diso nin da importancia que vai ter a nivel clasificatorio de cara ás dúas últimas xornadas.

O Ensino chega á cita desde o terceiro posto con 7 vitorias e 4 derrotas, mentres que Estudantes faino desde o sexto, fóra do corte, con 6 vitorias e 5 derrotas. Ambos inmersos na loita por entrar entre os catro primeiros para disputar a segunda fase cos oito mellores equipo galegos.

Unha vitoria de Ensino daríalle ás de Adrián González medio pase para o Galego, mentres que terminaría coas opcións de clasificarse para un Estudiantes que gañando practicamente estaría entre os catro mellores xa que contaría co average particular a favor con Ensino. No partido de ida Estudiantes impúxose por tres puntos, 57-54.

O calendario nas dúas últimas xornadas para o Ensino depara unha cómoda visita a Básquet Coruña, último clasificado, e pechará a primeira fase ante Peleteiro no Anexo, mentres que Estudiantes, tras medirse co Ensino, despedirá a primeira fase recibindo a Cortegada, un rival directo, e visitando a Maristas Coruña, xa sen opcións de clasificarse.



# Estudiantes puxo orde na táboa

## ESTARÁN NA SEGUNDA FASE, na que se citan cos oito mellores equipos galegos



O celeste Miguel trata de adentrarse na pintura

| ESTUDIANTES 68 | | PELETEIRO 64 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Ales | | López | |
| Miguel | | Zás | |
| Cris | | Barral | |
| Manu | | Montero | |
| Joel | | Espiña | |
| Brais | | Fernández | |
| Diego | | Rigueiro | |
| Ruano | | Valiño | |
| Óscar | | Espiña | |
| Fabio | | Díaz | |
| Gabi | | | |

**+12**

**NO ÚLTIMO CUARTO** Estudiantes arrincou o último parcial con vantaxe, pero a insistencia de Peleteiro reduciu distancias e os lucenses tiveron que xogar con intelixencia o desenlace final do encontro



Joel corre un ataque tras superar a un rival

> "Tenemos que aprender a leer mejor los diferentes momentos de los partidos" ÁNGEL RIOBÓO Estudiantes Lugo



Manu mira o aro entre dous xogadores composteláns

Estudiantes estará na segunda fase, na que se cita cos oito mellores equipos galegos infantil masculino. Os de Ángel Riobóo selaron o pase tras impoñerse a un correoso Peleteiro que apurou as súas opcións ata o final.

Estudiantes tomou o mando no marcador desde os primeiros minutos, pero aos celestes faltoulles ler mellor o encontro e saber escoller cando darlle unha marcha máis ao partido ou cando ralentizarlo.

Pese ir sempre por diante no marcador, a ansiedade fixo que Estudiantes nunca se atopase liberado sobre a pista. Nin no último cuarto ao que os lucenses chegaron con máis 12.

Lonxe de baixar os brazos, Peleteiro vendeu cara a derrota e obrigou a Estudiantes a baixar pulsacións e xogar con cabeza as últimas posesións, nas que os composteláns amagaron coa remontada cun último parcial de 16-24, sendo leste o único que perdeu Estudiantes no encontro.



Ales cun balón na pintura da pista do Anexo

# A lesión de Sara eclipsou o recital

## DE ESTUDIANTES, que chega nun bo momento á cita ante Giraldo

| ESTUDIANTES 65 | CULLEREDO 15 |
|---|---|
| Xogadora | Xogadora |
| Candela | Piñeiro |
| María | Hernaez |
| Iria | Manzanares |
| Nerea | Ortega |
| Naiara | Sanjurjo |
| Lucía | Abad |
| Laura Mesa | Barbado |
| Carolina | Romera |
| Sara | González |
| Marta | |
| Celia | |
| Laura Martín | |

> "Lo mejor fue la actitud del equipo, lo peor la lesión de Sara" JULIA PENA Estudiantes



Laura nunha acción de contraataque celeste



Marta mira o aro a piques de facer unha entrada

Estudiantes demostrou que chega en forma a unha das citas clave da tempada, a que as de Julia Pena afrontarán a próxima xornada ante Giraldo en Vilagarcía de Arousa. Un partido no que estará en xogo o segundo posto da clasificación e sobre todo o basketaverage ante un equipo que tamén estará na segunda fase. No partido de ida Estudiantes perdeu por tres puntos, 68-71 polo que buscará a vitoria por catro ou máis.

O encontro ante Culleredo tivo historia pola superioridade dun Estudiantes enchufado desde o primeiro minuto. Un partido que tan só deixou un lunar coa lesión de Sara ao comezo do segundo cuarto, polo que será dúbida ata o último momento para estar ante Giraldo.

# Burela volveu á senda da vitoria

## TRIUNFO MÁIS EFECTIVO QUE VISTOSO ante o último clasificado

| CB BURELA 64 | | MARISTAS 58 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Joaquín | 1 | Ramos | |
| Pablo | 2 | Fernández | |
| Raúl | | Recouo | |
| Fabio | 2 | Trillo | |
| Luis | 1 | Anula | |
| Marcos | 30 | Reyes | |
| Diego | 17 | Sánchez | |
| Daniel | 3 | Toja | |
| Álvaro | 3 | López | |
| Nicolás | 3 | Varela | |
| Mario | 2 | | |



Carlos, lesionado neste encontro, nun partido no Anexo

> "Demasiado individualismo y escaso juego en equipo a lo largo de este encuentro" MANOLO COBAS Academia A Mariña Burela

O Academia A Mariña Burela volveu á senda da vitoria na Liga Galega infantil masculina, tras impoñerse en Vista Alegre ao último clasificado, Maristas, que suma por derrotas todos os encontros disputados esta tempada.

As ausencias de Antón e Carlos restáronlle lucidez a un Burela que tirou de accións individuais para remontar un mal inicio de partido e selar a vitoria.

O 10-17 co que terminou o primeiro parcial xa daba mostras de que Burela non estaba ao seu mellor nivel. Os de Manolo Cobas, cun ataque moi estático no que o ataque era individual do xogador coa posesión, tirou da inspiración de Marcos, autor de 30 puntos, para darlle a volta ao marcador antes do descanso cun segundo parcial de 25-8 que deixaba o electrónico en 35-25 ao final da primeira parte.

Maristas, sen ser un equipo alto, dominou o rebote en ambas pinturas e amagou coa remontada cun último parcial de 15-21 pese a que aos últimos dez minutos o Academia A Mariña Burela chegou con máis 12 no marcador.

Na próxima xornada, a penúltima, Burela recibe a Estudiantes nun novo derbi entre os dous mellores equipos infantís masculinos da Provincia.

# Cambio de mando a fronta de clasificación

## ESTUDIANTES comparte liderado con Maristas e Narón, pero cos de Nico Fernández no máis alto da táboa


Pi coa pelota nunha acción de contraataque

| ESTUDIANTES 58 | | CULLEREDO 41 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Brais | 19 | Golpe | |
| Dani | 4 | Gómez | |
| Leo | 2 | Santiso | |
| Bernal | | Alonso | |
| Rozas | 1 | Matínez | |
| Serguei | 19 | Via | |
| Antón | | Hernández | |
| Mario | | Moretti | |
| Isma | 2 | Alonso | |
| Mateo | | Riveiro | |
| Pi | 7 | Blanco | |
| Santi | 4 | | |

Estudiantes asaltou o liderado do grupo Norte Preinfantl que está a lume vivo. Os de Nico Fernández, a falta de dúas xornadas, teñen pé e medio na segunda fase, xa que tan só unha carambola levarialles ata o quinto posto algo que ademais, vendo o estado de forma polo que atravesan, semella complicado que perdan os dous encontros que quedan, un deles ante o último clasificado, e que ademais Montrove recupere o average particular.

Estudiantes aproveitou a derrota de Maristas para alzarse co primeiro posto cunha vitoria clara ante Culleredo. Os celestes impuxeron o seu ritmo desde os primeiros minutos cunha boa intensidade defensiva e saíndo ben da presión visitante.

O primeiro cuarto pechouse con 17-11, pero a Culleredo cada vez éralle máis complicado manter o listón que impoñía Estudiantes e ao descanso o marcador xa era de 32-21.

Na segunda parte Culleredo tratou de endurecer o partido e facelo máis físico do que xa era, pero Estudiantes nunca lle perdeu a cara e desde a defensa mantivo en todo momento as distancias no marcador, xa que Culleredo non anotou en ningún dos catro parciais máis de 11 puntos, imposibilitando deste xeito calquera remontada no Anexo.

> “Estoy muy contento por los chicos, han hecho un gran trabajo a lo largo del partido” NICO FDEZ. Estudiantes

Na próxima xornada Estudiantes mídese con Montrove a domicilio. Unha vitoria celeste mantería aos de Nico Fernández no primeiro posto ademais de certificar matematicamente o seu pase á segunda fase. Un obxectivo que ata perdendo de menos de dez puntos terían asegurado tralo 72-62 co que Estudiantes se impuxo no partido de ida disputado no Anexo.


Santi cara o aro con decisión se oposición rival


Serguei a piques de lanzar por riba dun rival


Isma botando nun ataque celeste no Anexo

## Fin de semana con luces e sombras

### SARA, CO INFANTIL, E A ALEVÍN ALMA caeron lesionadas esta xornada

| ESTUDIANTES 75 | CULLE 24 |
|---|---|
| Xogadora | Xogadora |
| Laura Martín | Couto |
| María Álvarez | Freire |
| Ana | Forján |
| María Castro | Segade |
| Paula Álvarez | Iglesias |
| Aroa | Aguión |
| Paula López | Prieto |
| Alma | Beiras |
| Sara P. | Losada |
| Daniela | Baria |
| | Manteiga |

> “Ha sido un fin de semana agridulce, la victoria no compensa los disgustos por las lesiones. Mucho ánimo a Sara, esperamos que este bien el próximo finde, pero sobre todo mucho ánimo a Alma, todo el equipo estará contigo estas semanas” GEMMA SOUTO Estudiantes

Estudiantes impúxose con autoridade e bo xogo a Culle no Anexo nun partido marcador con todo, polas lesións. Sara González tívose que retirar ao comezo do encontro que disputou co equipo infantil, e a xogadora alevín Alma fixoo neste partido tras unha mala caída, polo que estará ausente durante as próximas semanas.

Todo iso deixou nun segundo plano o recital celeste sobre a pista nun partido no que volveron poñer terra polo medio no marcador desde o inicio con dous parciais claros e contundentes de 25-8 e 27-11 para chegar ao descanso con 52-19. O alto ritmo de xogo foi imposible de ser contrarrestado por Culle, que terminou perdendo por KO no último cuarto.


A estudiantil Pau a piques de lanzar baixo o aro

Estudiantes afronta as dúas últimas xornadas con optimismo nas que se medirá co terceiro e co líder da competición.

## Maristas perde pero xa está clasificado

### OS DE RUBÉN ENGROGA estarán entre os oito mellores equipos galegos

| B. CORUÑA 68 | | MARISTAS 64 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | Pts. | Xogador | Pts. |
| Nogueiras | | Mauro | 4 |
| Regueiro | | Samuel N. | |
| Ferreiros | | David | 4 |
| Pérez | | Samuel V. | 24 |
| Brandariz | | Gabriel R. | 9 |
| Souto | | Alexis | |
| Fernández | | Julián | 23 |
| Domínguez | | Gabriel F | |
| Martín | | | |
| Vázquez | | | |
| Cortés | | | |

Maristas sufriu a derrota máis doce da tempada xa que pese a caer na Coruña e ceder o liderado en solitario os demais resultados favoreceron aos de Rubén Engroba. Polo que Maristas estará na segunda fase na que se citará cos oito mellores equipos galegos en idade preinfantil.

No deber lucense está o recuperar efectivos, xa que para este encontro foron ausencia Jorge e Néstor, pero sobre todo recuperar o seu mellor nivel de xogo, que dista moito do ofrecido nesta encontro.

Maristas tomou o mando do marcador nos primeiros minutos cun primeiro parcial de 14-21. Con todo, as sensacións non eran todo boas xa que a renda era pola maior calidade individual.


Rubén Engroba dando instruccións aos seus xogadores

> “Llevamos varias jornadas muy lejos de nuestro mejor nivel” RUBÉN ENGROGA Maristas

Coruña fixo estragos na pintura lucense, anotando debaixo do aro sen complicacións e aumentando as dúbidas de Maristas, que ademais viu como Julián tiñase que ir ao banquiño ao cargarse coa segunda falta persoal no segundo cuarto.

Ao descanso o marcador era de 34-36. Pero as malas sensacións confirmáronse na reanudación. Coruña endureceu o xogo e a base de acerto no tiro exterior chegou con opcións ao tramo final. Maristas dominou os primeiros minutos do último parcial, mandando no marcador, pero a mala toma de decisións na recta final propiciou a segunda derrota consecutiva dun equipo que estará entre os mellores oito conxuntos galegos.

# CLASIFICACIÓNS » Primeira e Segunda División

## JÚNIOR 1º DIV. MASCULINA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Obradoiro – Sigaltec | 75-45 |
| Rosalía – Seis Nadal | 81-52 |
| C. Ourense – B. Coruña | 80-62 |
| Estudiantes – Tui | 77-72 |
| B. Ferrol – PBB A | 66-58 |
| Blanco Amor – Bosco | 53-66 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBRADOIRO | 14 | 14 | 0 | 0 | 1119 | 739 |
| **ESTUDIANTES** | **14** | **13** | **1** | **0** | **1309** | **885** |
| BASKET FERROL | 14 | 9 | 5 | 0 | 993 | 889 |
| ROSALÍA | 14 | 9 | 5 | 0 | 1058 | 980 |
| SIGALTEC | 14 | 7 | 7 | 0 | 857 | 943 |
| CLUB OURENSE | 14 | 7 | 7 | 0 | 912 | 921 |
| TUI SETA | 14 | 7 | 7 | 0 | 978 | 1018 |
| PBB A | 14 | 6 | 8 | 0 | 800 | 928 |
| BOSCO | 14 | 5 | 9 | 0 | 885 | 865 |
| SEIS DO NADAL | 14 | 3 | 11 | 0 | 802 | 1063 |
| BLANCO AMOR | 14 | 2 | 12 | 0 | 852 | 1080 |
| BASQUET CORUÑA | 14 | 2 | 12 | 0 | 824 | 1078 |

### PRÓXIMA XORNADA

Rosalía - Tui | Bosco - C. Ourense
PBB A - Obradoiro | Sigaltec - Estudiantes
Seis Nadal - Blanco Amor | B. Coruña - B. Ferrol

## INFANTIL 1ª DIV. MASC. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| B. Ferrol – Burela 05 | 55-54 |
| B. Coruña – Estudiantes | 66-68 |
| Rosalía – Culleredo | 80-72 |
| Peleteiro – Maristas | 59-8 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| INSTITUTO ROSALÍA | 11 | 10 | 1 | 0 | 810 | 593 |
| KFC CULLE | 11 | 8 | 3 | 0 | 783 | 587 |
| **ESTUDIANTES** | **11** | **8** | **3** | **0** | **814** | **642** |
| PELETEIRO | 11 | 7 | 4 | 0 | 701 | 565 |
| BASQUET CORUÑA I | 11 | 6 | 5 | 0 | 747 | 588 |
| **BURELA 05 MASC.** | **11** | **3** | **8** | **0** | **651** | **636** |
| BASKET FERROL | 11 | 2 | 9 | 0 | 405 | 764 |
| MARISTAS | 11 | 0 | 11 | 0 | 237 | 773 |

### PRÓXIMA XORNADA

Rosalía - B. Ferrol | Estudiantes - Peleteiro
Culleredo - B. Coruña | Burela - Maristas

## MINI 1º DIV. MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Narón – B. Ferrol | --- |
| Maristas Lugo – BBCA | 62-88 |
| MGR Sarria – Ribadeo | Apr. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BASKET FERROL | 9 | 9 | 0 | 0 | 658 | 315 |
| BALONCESTO NARÓN | 8 | 7 | 1 | 0 | 666 | 478 |
| **ESTUDIANTES** | **9** | **6** | **3** | **0** | **625** | **537** |
| BBCA PONZOS | 9 | 4 | 5 | 0 | 589 | 531 |
| **MGR CB SARRIA** | **9** | **3** | **6** | **0** | **590** | **713** |
| **MARISTAS LUGO** | **10** | **2** | **8** | **0** | **478** | **798** |
| **C. B. RIA RIBADEO** | **8** | **0** | **8** | **0** | **346** | **580** |

### PRÓXIMA XORNADA

Ribadeo - Narón | B. Ferrol - Estudiantes
BBCA - MGR Sarria

## JÚNIOR 1º DIV. FEMININA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Rosalía – Cortegada | 79-66 |
| Durán Ensino – C. María | 69-59 |
| Estudiantes – Arxil | 104-36 |
| E. Pontevedra – PBB A | 50-44 |
| Peleteiro – RC Celta | 38-50 |
| Bosco – Maristas | 78-41 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. CELTA | 14 | 14 | 0 | 0 | 1111 | 518 |
| **ESTUDIANTES** | **13** | **11** | **2** | **0** | **952** | **599** |
| PELETEIRO | 14 | 9 | 5 | 0 | 804 | 687 |
| ROSALIA PIO XII | 14 | 9 | 5 | 0 | 926 | 832 |
| **DURAN ENSINO** | **13** | **9** | **4** | **0** | **825** | **685** |
| CORTEGADA | 14 | 8 | 6 | 0 | 819 | 803 |
| BOSCO | 14 | 8 | 6 | 0 | 715 | 788 |
| COMPAÑIA MARIA | 14 | 4 | 10 | 0 | 768 | 896 |
| MARISTAS | 13 | 4 | 9 | 0 | 719 | 921 |
| ARXIL A | 13 | 4 | 9 | 0 | 521 | 838 |
| PBB A | 14 | 1 | 13 | 0 | 658 | 930 |
| E. PONTEVEDRA | 14 | 1 | 13 | 0 | 588 | 909 |

### PRÓXIMA XORNADA

C. María - Bosco | Maristas - E. Pontevedra
PBB A - Rosalía | Celta - Durán Ensino
Cortegada - Estudiantes | Arxil - Peleteiro

## INFANTIL 1ª DIV. FEM. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Peleteiro – Giraldo | 68-35 |
| BBCA – Estudiantes | 51-76 |
| Cortegada – Rosalía | 56-37 |
| Culleredo – Maristas | 54-73 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PELETEIRO | 11 | 11 | 0 | 0 | 755 | 328 |
| GIRALDO CBV | 11 | 8 | 3 | 0 | 716 | 589 |
| **ESTUDIANTES** | **11** | **8** | **3** | **0** | **738** | **552** |
| CORTEGADA | 11 | 7 | 4 | 0 | 668 | 558 |
| MARISTAS CORUÑA | 11 | 4 | 7 | 0 | 562 | 715 |
| KFC CULLE | 11 | 3 | 8 | 0 | 486 | 737 |
| ROSALIA PIO XII | 11 | 3 | 8 | 0 | 570 | 665 |
| BBCA PORTO | 11 | 0 | 11 | 0 | 392 | 743 |

### PRÓXIMA XORNADA

Rosalía - BBCA | Maristas - Giraldo
Estudiantes - Culleredo | Peleteiro - Cortegada

## JUNIOR 2º DIV. FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| San Ciprián – Culleredo | 41-82 |
| Terra Chá – Ribadeo | 27-91 |
| BBCA – Ensino Lugo | 55-48 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **C. B. RIA RIBADEO** | **9** | **8** | **1** | **0** | **594** | **367** |
| BBCA FRAGATA | 9 | 7 | 2 | 0 | 595 | 324 |
| KFC CULLE | 9 | 7 | 2 | 0 | 650 | 365 |
| **ENSINO LUGO** | **9** | **3** | **6** | **0** | **456** | **456** |
| **CB TERRA CHA** | **9** | **1** | **8** | **0** | **210** | **635** |
| **SAN CIPRIÁN** | **9** | **1** | **8** | **0** | **276** | **634** |

### ÚLTIMA XORNADA

Ensino Lugo - Terra Chá | Culleredo - BBCA
Ribadeo - San Ciprián

## CADETE 2º DIV. FEM. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ribadeo – Celtas | 63-18 |
| Terras Mariña – Terra Chá | 32-43 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| C.B. RIA DE RIBADEO | 8 | 8 | 0 | 0 | 558 | 203 |
| CB TERRA CHA | 8 | 6 | 2 | 0 | 286 | 320 |
| C. B. VIVEIRO | 8 | 3 | 5 | 0 | 391 | 458 |
| TERRAS DA MARIÑA | 8 | 3 | 5 | 0 | 347 | 319 |
| C. B. CELTAS | 8 | 0 | 8 | 0 | 268 | 550 |

FINALIZADA A COMPETICIÓN

## CADETE 1º DIV. MASC. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Obradoiro – B. Ferrol | 109-27 |
| Estudiantes – Carballo | 130-54 |
| B. Coruña – Culleredo | 66-69 |
| Rosalía – Narón | 91-37 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| OBRADOIRO | 11 | 10 | 1 | 0 | 902 | 494 |
| **ESTUDIANTES** | **11** | **9** | **2** | **0** | **1019** | **675** |
| ROSALIA DE CASTRO | 11 | 9 | 2 | 0 | 945 | 610 |
| KFC CULLE | 11 | 6 | 5 | 0 | 724 | 689 |
| BASKET FERROL | 11 | 5 | 6 | 0 | 622 | 734 |
| BASQUET CORUÑA C | 11 | 4 | 7 | 0 | 692 | 754 |
| BALONCESTO NARÓN | 11 | 1 | 10 | 0 | 459 | 864 |
| CARBALLO A UN PASO ARTAI EBX | 11 | 0 | 11 | 0 | 441 | 984 |

### PRÓXIMA XORNADA

B. Ferrol - Estudiantes | Narón - Culleredo
Obradoiro - B. Coruña | Carballo - Rosalía

## PREINFANTIL MASC. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Culleredo – BBCA | 76-36 |
| B. Ferrol – B. Coruña | 52-72 |
| Maristas – Estudiantes | 36-74 |
| Narón – Montrove | 70-37 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **MARISTAS LUGO** | **11** | **9** | **2** | **0** | **733** | **646** |
| BALONCESTO NARON | 11 | 8 | 3 | 0 | 705 | 499 |
| **ESTUDIANTES** | **11** | **8** | **3** | **0** | **748** | **553** |
| KFC CULLE | 11 | 7 | 4 | 0 | 721 | 600 |
| MONTROVE ORIGEN GALICIA | 11 | 6 | 5 | 0 | 688 | 640 |
| BASKET FERROL | 11 | 3 | 8 | 0 | 641 | 746 |
| BASQUET CORUÑA | 11 | 3 | 8 | 0 | 576 | 727 |
| BBCA SARTAÑA | 11 | 0 | 11 | 0 | 449 | 850 |

### PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes - Culleredo | Narón - B. Ferrol
B. Coruña - Maristas | BBCA - Montrove

## INFANTIL 2º DIV. MASC.

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| MGR Sarria – Sagrado | 39-49 |
| Cidade – Est. 06 | 60-9 |
| C. Ensino – Ribadeo | 62-40 |
| Est. 05 – Elev. Sarria | 81-31 |
| Franciscanos – Celtas | 45-77 |
| CB Viveiro – Burela 06 | 47-56 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| SAGRADO | 12 | 12 | 0 | 0 | 867 | 535 |
| CANDELAS ENSINO | 12 | 11 | 1 | 0 | 796 | 415 |
| CELTAS | 12 | 10 | 2 | 0 | 851 | 569 |
| CB RIA RIBADEO | 12 | 8 | 4 | 0 | 734 | 593 |
| CIDADE DE LUGO | 12 | 8 | 4 | 0 | 653 | 563 |
| MGR C. B. SARRIA | 12 | 5 | 7 | 0 | 659 | 593 |
| ESTUDIANTES 05 | 12 | 5 | 7 | 0 | 581 | 738 |
| BURELA 06 | 12 | 5 | 7 | 0 | 592 | 734 |
| C.B. VIVEIRO | 12 | 3 | 9 | 0 | 611 | 711 |
| FRANCISCANOS | 12 | 3 | 9 | 0 | 518 | 715 |
| AG ELEV. SARRIA | 12 | 1 | 11 | 0 | 446 | 779 |
| ESTUDIANTES 06 | 12 | 1 | 11 | 0 | 407 | 770 |

### PRÓXIMA XORNADA

Est. 06 - MGR Sarria | Sagrado - Elev. Sarria
Est. 05 - Franciscanos | Ribadeo - CB Viveiro
Celtas - C. Ensino | Burela - Cidade

## CADETE 1º DIV. FEM. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| B. Coruña – BBCA | 62-67 |
| Candelas Ensino – Cortegada | 76-58 |
| Estudiantes – Rosalía | 62-59 |
| Maristas – Peleteiro | 51-68 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ROSALIA PIO XII | 11 | 9 | 2 | 0 | 738 | 561 |
| **CANDELAS ENSINO** | **11** | **7** | **4** | **0** | **642** | **598** |
| PELETEIRO | 11 | 6 | 5 | 0 | 605 | 555 |
| BBCA PRAIA VILAR | 11 | 6 | 5 | 0 | 626 | 651 |
| **ESTUDIANTES** | **11** | **6** | **5** | **0** | **646** | **660** |
| CORTEGADA | 11 | 5 | 6 | 0 | 674 | 741 |
| MARISTAS CORUÑA | 11 | 4 | 7 | 0 | 551 | 653 |
| BASQUET CORUÑA | 11 | 1 | 10 | 0 | 615 | 678 |

### PRÓXIMA XORNADA

Cortegada - Maristas | Rosalía - B. Coruña
BBCA - Peleteiro | C. Ensino - Estudiantes

## PREINFANTIL FEM. NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Cambados – B. Coruña | 48-64 |
| Maristas – Cortegada | 49-67 |
| Culleredo – BBCA | 6-56 |
| Porto do Son – Estudiantes | 44-64 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| BBCA CHAMORRO | 11 | 11 | 0 | 0 | 727 | 323 |
| **ESTUDIANTES** | **11** | **10** | **1** | **0** | **740** | **338** |
| CORTEGADA | 11 | 9 | 2 | 0 | 691 | 424 |
| BASQUET CORUÑA | 11 | 4 | 7 | 0 | 459 | 625 |
| PORTO DO SON | 10 | 4 | 6 | 0 | 499 | 461 |
| CAMBADOS | 11 | 2 | 9 | 0 | 339 | 699 |
| MARISTAS | 10 | 3 | 7 | 0 | 462 | 587 |
| KFC CULLE | 11 | 0 | 11 | 0 | 218 | 678 |

### PRÓXIMA XORNADA

B. Coruña - Porto do Son | Estudiantes - Culleredo
Cambados - Maristas | BBCA - Cortegada

## MINI 1º DIV. FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Estudiantes – Baxi Ferrol | 62-42 |
| Rosalía – Cluny 007 | 75-28 |
| BBCA – B. Coruña | 67-55 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PIO XII ROSALIA | 1 | 1 | 0 | 0 | 75 | 28 |
| **ESTUDIANTES** | **1** | **1** | **0** | **0** | **62** | **42** |
| BBCA DONIÑOS | 1 | 1 | 0 | 0 | 67 | 55 |
| BASQUET CORUÑA | 1 | 0 | 1 | 0 | 55 | 67 |
| BAXI FERROL | 1 | 0 | 1 | 0 | 42 | 62 |
| CLUNY 007 | 1 | 0 | 1 | 0 | 28 | 75 |

### PRÓXIMA XORNADA

B. Coruña - Estudiantes | Cluny 007 - BBCA
Baxi Ferrol - Rosalía

## CADETE 2º DIV. FEM. CENTRO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Est. Rojo – Est. Azul | 61-67 |
| Ensino 04 – CB Sarria | 39-53 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ESTUDIANTES ROJO | 8 | 6 | 2 | 0 | 496 | 379 |
| ENSINO LUGO 03 | 8 | 5 | 3 | 0 | 437 | 339 |
| ESTUDIANTES AZUL | 8 | 5 | 3 | 0 | 430 | 375 |
| C. B. SARRIA | 8 | 4 | 4 | 0 | 373 | 378 |
| ENSINO LUGO 04 | 8 | 0 | 8 | 0 | 283 | 548 |

FINALIZADA A COMPETICIÓN

## JUNIOR 2º DIV. MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Cidade – H. Ferreiro | 68-78 |
| CB Viveiro – Estudiantes | 58-52 |
| Ribadeo – Burela | 56-48 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| HIERROS FERREIRO | 9 | 7 | 2 | 0 | 600 | 544 |
| C. B. RIA DE RIBADEO | 9 | 7 | 2 | 0 | 510 | 433 |
| ESTUDIANTES | 9 | 6 | 3 | 0 | 572 | 508 |
| C. B. VIVEIRO | 9 | 5 | 4 | 0 | 454 | 479 |
| BURELA JUV MASC | 9 | 2 | 7 | 0 | 504 | 543 |
| CIDADE DE LUGO | 9 | 0 | 9 | 0 | 453 | 586 |

### ÚLTIMA XORNADA

Cidade - Burela | Estudiantes - Ribadeo
H. Ferreiro - CB Viveiro

## PREMINI 2º MASC. G1

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Maristas – Galén Naranja | 56-6 |
| CB Viveiro – Franciscanos | 41-31 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ESTUDIANTES AZUL | 6 | 6 | 0 | 0 | 389 | 90 |
| MARISTAS LUGO | 6 | 5 | 1 | 0 | 334 | 158 |
| C. B. VIVEIRO | 6 | 2 | 4 | 0 | 152 | 271 |
| FRANCISCANOS | 6 | 1 | 5 | 0 | 130 | 296 |
| GALEN NARANJA | 6 | 1 | 5 | 0 | 112 | 302 |

### PRÓXIMA XORNADA

Maristas - Est. Azul | Galén Naranja - CB Viveiro

## PREMINI 2º MASC. G2

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Est. Rojo – CB Sarria | 40-57 |
| Est. Blanco – Cidade | 33-59 |
| Burela – Galén Ensino | 78-44 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| C. B. SARRIA | 8 | 7 | 1 | 0 | 439 | 223 |
| EST. ROJO | 8 | 6 | 2 | 0 | 431 | 321 |
| CAMIÑA EU SON | 8 | 5 | 3 | 0 | 441 | 348 |
| CIDADE DE LUGO | 8 | 4 | 4 | 0 | 405 | 394 |
| EST. BLANCO | 8 | 1 | 7 | 0 | 184 | 399 |
| GALEN ENSINO | 8 | 1 | 7 | 0 | 216 | 431 |

### PRÓXIMA XORNADA

Est. Blanco - Galén Ensino | CB Sarria - Burela
Cidade - Est. Rojo

## INFANTIL 2ª DIV. FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Franciscanos – Estudiantes | 40-51 |
| CB Viveiro – T. Mariña | 56-52 |
| Galén Ensino – Ensino | --- |
| Burela – Cidade | Apr. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ENSINO LUGO | 8 | 8 | 0 | 0 | 493 | 163 |
| BURELA 05 FEM | 8 | 7 | 1 | 0 | 428 | 213 |
| ESTUDIANTES | 9 | 6 | 3 | 0 | 485 | 368 |
| FRANCISCANOS | 9 | 5 | 4 | 0 | 348 | 389 |
| C. B. SARRIA | 8 | 5 | 3 | 0 | 369 | 328 |
| C. B. VIVEIRO | 9 | 2 | 7 | 0 | 199 | 417 |
| CIDADE DE LUGO | 8 | 2 | 6 | 0 | 249 | 363 |
| GALEN ENSINO | 8 | 2 | 6 | 0 | 206 | 355 |
| TERRAS DA MARIÑA | 9 | 1 | 8 | 0 | 250 | 431 |

### PRÓXIMA XORNADA

Ensino - Franciscanos | T. Mariña - CB Sarria
CB Viveiro - Galén Ensino | Burela 05 - Estudiantes

## MINIBASKET 2º FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Galén Ensino – Franciscanos | 29-52 |
| Fingoi – Estudiantes | 44-52 |
| CB Burela – CB Sarria | 49-39 |
| CB Viveiro – Cidade | 40-50 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| C.B.BURELA | 8 | 8 | 0 | 0 | 481 | 222 |
| C. B. SARRIA | 8 | 6 | 2 | 0 | 436 | 213 |
| FRANCISCANOS | 8 | 6 | 2 | 0 | 472 | 309 |
| CIDADE DE LUGO | 8 | 5 | 3 | 0 | 399 | 266 |
| C B VIVEIRO | 8 | 3 | 5 | 0 | 327 | 468 |
| GALEN ENSINO | 8 | 2 | 6 | 0 | 218 | 389 |
| EST. CELESTE | 8 | 2 | 6 | 0 | 270 | 438 |
| FINGOI | 8 | 0 | 8 | 0 | 148 | 446 |

### PRÓXIMA XORNADA

Cidade - Galén Ensino | Franciscanos - CB Burela
Est. Celeste - CB Viveiro | CB Sarria - Fingoi

## PREMINIBASKET 2º FEMININO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Franciscanos – MGR Sarria | 50-0 |
| M. Aux. – Fingoi | 76-28 |
| Burela – Est. Celeste | 6-56 |
| CB Viveiro – CB Sarria | Apr. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| MARIA AUXILIADORA | 8 | 7 | 1 | 0 | 468 | 166 |
| C. B. SARRIA | 7 | 7 | 0 | 0 | 348 | 132 |
| FRANCISCANOS | 8 | 6 | 2 | 0 | 350 | 165 |
| EST. CELESTE | 8 | 5 | 3 | 0 | 351 | 232 |
| GALEN ENSINO | 8 | 3 | 5 | 0 | 227 | 342 |
| FINGOI | 7 | 3 | 4 | 0 | 238 | 265 |
| AFAN BURELA | 7 | 2 | 5 | 0 | 141 | 338 |
| MGR C. B. SARRIA | 8 | 1 | 7 | 0 | 123 | 409 |
| CB VIVEIRO | 7 | 0 | 7 | 0 | 134 | 331 |

### PRÓXIMA XORNADA

Franciscanos - Galén E. | M. Aux. - CB Sarria
Fingoi - MGR Sarria | CB Viveiro - Est. Celeste

## CADETE 2ª MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Ribadeo – CB Viveiro | 74-49 |
| Est. Rojo – MGR Sarria | 48-62 |
| Est. Azul – Design Sarria | 82-18 |
| San Ciprian – Sagrado | 86-37 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ESTUDIANTES AZUL | 10 | 10 | 0 | 0 | 702 | 470 |
| SAN CIPRIAN | 10 | 9 | 1 | 0 | 697 | 428 |
| C.B. RIA DE RIBADEO | 10 | 6 | 4 | 0 | 710 | 536 |
| ENSINO LUGO | 9 | 6 | 3 | 0 | 519 | 362 |
| C. B. VIVEIRO | 10 | 4 | 6 | 0 | 551 | 576 |
| MGR C. B. SARRIA | 10 | 4 | 6 | 0 | 543 | 536 |
| ESTUDIANTES ROJO | 10 | 3 | 7 | 0 | 547 | 608 |
| A.X. SAGRADO | 10 | 2 | 8 | 0 | 447 | 652 |
| DESIGN C. B. SARRIA | 9 | 0 | 9 | 0 | 239 | 787 |

### PRÓXIMA XORNADA

Sagrado - CB Viveiro | Design Sarria - Est. Rojo
Ensino Lugo - Est. Azul | MGR Sarria - San Ciprián

## MINIBASKET 2ª MASCULINO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Est. Azul – Galén Ensino | 61-35 |
| Est. Rojo – Franciscanos | 77-30 |
| CB Celtas – CB Sarria | --- |
| CB Viveiro – Cidade | 29-38 |
| M. Aux. – Ribadeo | Apr. |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | X | G | P | NP | PF | PC |
|---|---|---|---|---|---|---|
| CIDADE DE LUGO | 8 | 7 | 1 | 0 | 418 | 247 |
| ESTUDIANTES AZUL | 8 | 7 | 1 | 0 | 429 | 257 |
| CB CELTAS | 7 | 7 | 0 | 0 | 506 | 152 |
| ESTUDIANTES ROJO | 8 | 3 | 5 | 0 | 276 | 408 |
| CB VIVEIRO | 7 | 4 | 3 | 0 | 365 | 239 |
| C. B. SARRIA | 7 | 4 | 3 | 0 | 326 | 289 |
| GALEN ENSINO | 8 | 2 | 6 | 0 | 333 | 356 |
| MARÍA AUXILIADORA | 6 | 3 | 3 | 0 | 304 | 272 |
| FRANCISCANOS | 8 | 0 | 8 | 0 | 89 | 488 |
| CB RIA DE RIBADEO | 7 | 0 | 7 | 0 | 80 | 418 |

### PRÓXIMA XORNADA

Franciscanos - Ribadeo | CB Viveiro - CB Sarria
Galén Ensino - Est. Rojo | CB Celtas - Est. Azul
M. Aux. - Cidade



# As defensas mandaron na loita polo liderado de premini feminina

**MARÍA AUXILIADORA VENCEU A ADRIÁN SALGADO CB SARRIA** e mantense na cabeza da clasificación nunha fin de semana na que o baloncesto galego lembrou a Cristina Seijo

Co parón das competicións de minibasket polo calendario das seleccións galegas da categoría, as ligas de preminibasket foron as protagonistas da fin de semana.

Na competición feminina, o inicio da segunda volta deixou un duelo de alturas entre María Auxiliadora e Adrián Salgado CB Sarria no que estaba en xogo o liderado. As colexiais conservaron a posición de privilexio e aseguraron un average favorable tras impoñerse por 38 a 31 na cancha do centro educativo capitalino.

Oito puntos de vantaxe fronte aos catro da vitoria sarriá na xornada inaugural (31-27) co que María Auxiliadora se apunta un tanto máis na loita por unha liga na que, en todo caso, queda moito por decidir.

Estudiantes e Fingoi, que tamén miran á zona alta da táboa, tamén gañaron os partidos desta fin de semana. Para o vindeiro día 15 queda o encontro entre Franciscanos e Galén Ensino.

Na competición masculina, Estudiantes Azul reforzou o seu liderado no grupo 1 tras impoñerse con contundencia a Maristas, segundo clasificado, mentres que, no grupo 2, sumaron triunfos Oribio Construcciones, Estudiantes Rojo e Galén Ensino.

### Homenaxe Cristina Seijo

Sesenta e dous adetradores e adestradoras participaron este domingo na aula formativa organizada pola Federación Galega de baloncesto na que se rendeu homenaxe a Cristina Seijo, unha referencia do baloncesto lucense como xogadora, adestradora e directiva, ligada especialmente ao Cidade de Lugo. Juan Carlos Castro, Tito Díaz e Pepe Laso foron os ponentes da xornada organizada na Frigsa.



Foto de familia dos participantes na aula formativa organizada pola FGF, na que se homenaxeou a Cristina Seijo



Tito Diaz durante a charla que impartiu na Frigsa



Pep Laso rodeado polos asistentes á aula formativa

## CLASIFICACIÓN DE PUNTOS MASCULINO | FEMININO | MIXTO

### Puntos JÚNIOR MASCULINO

| Xogador | Equipo | Ptos. |
|---|---|---|
| JANUSEVICIUS | Estudiantes | 384 |
| MARK | Estudiantes | 293 |
| LUIS | Estudiantes | 187 |
| IAGO | Estudiantes | 177 |
| JULIÁN | Hierros | 165 |
| DANI | Hierros | 164 |
| MARIO | CB Ribadeo | 162 |
| DIOBIS | CB Viveiro | 119 |
| CABE | Estudiantes | 111 |
| JORGE | Estu 2 | 109 |
| DIEGO | Estu 2 | 109 |
| ALBERTO | CB Ribadeo | 95 |
| JULIÁN | CB Burela | 91 |
| ÁLEX | CB Burela | 90 |
| MATEO | CB Viveiro | 87 |
| ADRIÁN | Hierros | 80 |
| PIEDRA | Estu 2 | 73 |
| JUAN | Hierros | 69 |
| MARTÍN | Hierros | 68 |
| LUCAS | Estudiantes | 66 |
| ADRIÁN P. | CB Ribadeo | 65 |
| DAVID | CB Viveiro | 64 |
| XOSÉ | CB Viveiro | 61 |
| BRAIS | CB Viveiro | 52 |
| DAVID | Hierros | 52 |
| DARLING | CB Ribadeo | 51 |
| SEVE | Estu 2 | 49 |
| JORGE | Estudiantes | 48 |
| ROI | CB Ribadeo | 47 |
| MARIO | CB Burela | 46 |

### Puntos CADETE MASCULINO

| Xogador | Equipo | Ptos. |
|---|---|---|
| XOSÉ | CB Viveiro | 211 |
| IKER | CB Ribadeo | 197 |
| OLLOQUI | Estudiantes | 196 |
| MARIO | S. Ciprián | 170 |
| JUAN B. | E. Rojo | 159 |
| HUGO | S. Ciprián | 157 |
| IAGO | E. Azul | 156 |
| PEDRO | Estudiantes | 155 |
| ÁLVARO | Estudiantes | 144 |
| MANU R. | CB Ribadeo | 137 |
| BRAIS | CB Viveiro | 135 |
| DANI | Sagrado | 134 |
| CRISTIAN | CB Ribadeo | 127 |
| PABLO G. | E. Rojo | 125 |
| MIGUEL | S. Ciprián | 117 |
| DIEGO | S. Ciprián | 116 |
| JORGE | Estudiantes | 113 |
| ÁLEX | Sagrado | 105 |
| ANDRÉS | E. Azul | 100 |
| LUCAS | E. Azul | 99 |
| RAFA | E. Azul | 99 |
| MARIO | Ensino | 99 |
| DANI | Estudiantes | 95 |
| ELOY | Estudiantes | 95 |
| MARTIÑO | S. Ciprián | 91 |
| DURÁN | E. Azul | 89 |
| MANU M. | CB Ribadeo | 88 |
| JUAN | Sagrado | 88 |
| SERGIO | Estudiantes | 87 |
| SAMUEL | Ensino | 85 |

### Puntos JÚNIOR FEMININO

| Xogadora | Equipo | Ptos. |
|---|---|---|
| JESSI | CB Ribadeo | 196 |
| CARMEN | Ensino | 195 |
| MARINA | Ensino | 181 |
| FÁTIMA | CB Ribadeo | 149 |
| LEBOREIRO | Ensino | 133 |
| ANA C. | CB Ribadeo | 125 |
| ADRIANA | Ensino 2 | 100 |
| NURIA | Ensino | 96 |
| NATALIA G. | Ensino | 87 |
| MAITE | Ensino | 82 |
| KRISTINA | Ensino 2 | 79 |
| ALEJANDRA | Ensino 2 | 69 |
| IRENE | CB Ribadeo | 68 |
| NATALIA | Ensino | 64 |
| CARMEN | Ensino 2 | 63 |
| IRIA | Ensino 2 | 54 |
| PAULA | Ensino 2 | 48 |
| SARA | CB Ribadeo | 40 |
| LUCÍA | Ensino 2 | 37 |
| ZELTIA | Ensino 2 | 34 |
| ALDARA | CB Ribadeo | 32 |
| TANIA | Ensino | 25 |
| JULIA | CB Ribadeo | 18 |
| ANDREA | CB Ribadeo | 15 |
| MARÍA | CB Ribadeo | 13 |
| ANY | Ensino 2 | 13 |
| ALEJANDRA | Ensino | 11 |
| MARINA | CB Ribadeo | 10 |
| MENCÍA | Ensino 2 | 9 |
| ROSALÍA | Ensino 2 | 8 |

### Puntos CADETE FEMININO

| Xogadora | Equipo | Ptos. |
|---|---|---|
| NATALIA | Ensino | 212 |
| CLAUDIA | Estudiantes | 167 |
| NURIA | Ensino | 164 |
| MARTA | T. Mariña | 155 |
| YASHINA | Estudiantes | 151 |
| IRENE | CB Ribadeo | 121 |
| ANDREA | CB Ribadeo | 120 |
| IRENE | E. Rojo | 118 |
| ANA | CB Viveiro | 110 |
| MARÍA | E. Rojo | 101 |
| JULIA | CB Ribadeo | 94 |
| CARME | CB Viveiro | 90 |
| LORENA | Ensino 03 | 86 |
| MAITE | Ensino | 83 |
| ALDARA | CB Ribadeo | 75 |
| SARA | CB Ribadeo | 74 |
| ELENA | CB Viveiro | 74 |
| ENMA | Estudiantes | 73 |
| MARTA C. | Ensino 03 | 69 |
| MERCHE | E. Azul | 66 |
| LARA | Ensino 03 | 66 |
| MARTA F. | Estudiantes | 61 |
| ALEJANDRA | E. Azul | 55 |
| CAROLINA | Ensino 04 | 55 |
| ADRIANA | E. Rojo | 54 |
| LUCÍA | E. Azul | 53 |
| SILVIA | Ensino 03 | 51 |
| CARLA | Estudiantes | 51 |
| ANY | Ensino | 49 |
| ANTÍA F. | T. Mariña | 49 |

### Puntos INFANTIL MIXTO

| Xogador/a | Equipo | Ptos. |
|---|---|---|
| PABLO | Sagrado | 290 |
| CARLOS | CB Viveiro | 251 |
| ÁLVARO | Burela 06 | 223 |
| JULIÁN | Sagrado | 191 |
| SAMUEL | Sagrado | 187 |
| MIGUEL | Ensino | 170 |
| VÍCTOR | Estu 05 | 168 |
| PABLO | Ensino | 163 |
| ANTÓN | Burela 05 | 152 |
| JORGE | CB Ribadeo | 150 |
| MARCOS | Burela 05 | 143 |
| CAROLINA | Ensino | 141 |
| LUIS | CB Viveiro | 140 |
| SIMÓN | CB Ribadeo | 132 |
| DANI | CB Ribadeo | 129 |
| LUCAS | CB Ribadeo | 128 |
| JULIA | Estudiantes | 123 |
| FABIO | Burela 06 | 122 |
| DIEGO | Burela 05 | 117 |
| MARCOS | Estu 05 | 116 |
| ALEJANDRA | Estudiantes | 106 |
| HELENA | CB Viveiro | 104 |
| SARA | Burela 05 | 99 |
| NICANOR | CB Viveiro | 97 |
| NÉSTOR | Sagrado | 95 |
| JORGE | Ensino | 93 |
| RAMI | Ensino | 92 |
| ADRIANA | T. Mariña | 92 |
| CARMEN | Estudiantes | 91 |
| NICO | Ensino | 90 |






Na primeira edición do Campus estiveron presentes xogadores de elite coma Erik Quintela, Candela Abejón, Paula Ahuja, Adrián Chapela e Sergi Quintela

# A II Edición do Campus Basket EntreNos xa está en marcha

## A CONTA ATRAS ESTÁ ACTIVADA PARA QUE OITENTA NENOS E NENAS poidan disfrutar dunha semana de formación e convivencia arredor do baloncesto na Mariña lucense

Do 30 de xuño ao 6 de xullo, San Cibrao acollerá a segunda edición do Campus Basket EntreNos. A Asociación Deportiva e Cultura Entrenos dalle continuidade a un proxecto posto en marcha o pasado verán cunha proposta ben definida: contar con xogadores profesionais formados ou vencellados á base lucense. Os organizadores apostaron tamén desde o inicio por convertelos nas figuras centrais das xornadas de formación e de convivencia, xa que permanecen durante todos os días nas instalacións nas que se desenvolven as actividades.

Con esas mesmas premisas, a seis meses vista, o campus xa ten reservadas "preto do cincuenta por cento" das oitenta prazas que oferta para nenas e nenos nacidos entre 2002 e 2009. "Mantivemos o 2002 como ano de referencia porque nos constaba que moitos querían repetir e, de feito,unha boa parte dos inscritos ata agora xa estiveron con nós o ano pasado. Tamén temos unha porcentaxe importante de participantes novos, o que significa que o boca a boca e promoción que vimos facendo da iniciativa está dando resultados"

As inscricións abríronse na última semana de novembro e continuaron cunha novidosa campaña de Nadal "Regala un campus" que propoñía agasallar aos nenos e nenas coa reserva dunha praza no campus de verán.

Os organizadores do Campus ultiman a nómina de xogadores e adestradores que convivirán e compartirán os seus coñecementos cos participantes. "Serán xogadores e xogadoras con experiencia na elite pero formados na base lucense dos que poidan aprender e cos que se poidan idenficar", explica Mota.

Na primeira edición, o staff do campus formárono Sergi e Erik Quintela, Adrián Chapela, Candela Abejón e Paula Ahuja. "Os nenos pasaron con eles os mellores momentos, tanto na pista como fóra dela porque tamén comeron, durmiron e compartiron horas de ocio", comenta.

En canto aos técnicos, a aposta tamén está definida: "o noso obxectivo son adestradores novos e con proxección, que estean nas dinámicas das seleccións galegas", explica o director do Campus. Ademais, nesta edición, contarán cun preparador físico e un fisioterapeuta que estará todos os días cos participantes.

A dirección técnica estará un ano máis a cargo de Cristino Menor, actual director deportivo de Estudiantes de Lugo, además de colaborador da Federación Gallega de Baloncesto como profesor habitual da Escola Galega de Entrenadores.

Ademais da formación específica en baloncesto, o Campus complétase con actividades deportivas e lúdicas para as que os organizadores aproveitan o entorno de San Cibrao, especialmente as praias. Este ano, os participantes poderán iniciarse no paddle surf, ademais de gozar da piscina olímpica de Lieiro.



Monitores e asistentes conviven durante unha semana na Mariña



Cristino Menor, Director do Campus, dando unha charla aos asistentes cos monitores




Os asistentes o Campus do ano pasado disfrutando do padel surf e piragüismo

## FICHAS PARTIDOS • FRASES INFANTIL 2ª MASCULINO

"Vitoria moi traballada. Unha mágoa deixar marchar os 17 puntos de renda que tivemos"
ALBERTO MÉNDEZ CB Celtas

"Me quedo con la reacción del equipo pese a jugar mal gran parte del encuentro"
ALFONSO FRANCO Ensino

"Nuestros errores decidieron el encuentro"
JOSE CASTRO Estudiantes 05

"Recuperamos el average ante un rival muy luchador"
ÁNGEL RIOBÓO Franciscanos

"Poco a poco se está viendo la evolución de todos, seguimos paso a paso"
ZAIDA IGLESIAS Estudiantes 06

"Partido muy trabado, con pérdidas y errores de concentración"
RUBÉN PERNAS MGR Sarria

"Aportación y minutos muy repartidos"
RUBEN ENGROBA Sagrado

"Un partido más para la formación de los jugadores y el avance del grupo"
XABI LÓPEZ-ACEVEDO CB Sarria

"Buen partido a nivel colectivo, recuperando sensaciones"
NACHO MOTA CB Ribadeo

"Peor partido de la temporada. No entramos en juego en ningún momento"
ÁLEX/JULIO CB Viveiro

### O Celtas acaba sufrindo en Marzán

| CB CELTAS 54 | | ENSINO 50 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | P. | Xogador | P. |
| Manu | | Rami | 9 |
| Dani | | MIguel | 12 |
| Gonzalo | | Nico | |
| Hugo | | Elías | 3 |
| Miguel | | Jorge | 10 |
| Marco | | Álvaro | 13 |
| Gaizka | | Diego | |
| Lucas | | Sergio | 3 |
| Israel | | | |
| Rubén | | | |
| Karim | | | |

### Triunfo traballado de Franciscanos

| ESTU 05 61 | | FRANCISC. 74 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | P. | Xogador | P. |
| Miguel | 6 | Pi | |
| Marcos | 17 | Isma | |
| Diego | | Mateo | |
| Alexandre | 4 | Santi | |
| Víctor | 18 | Javi | |
| Jose | 10 | Centeno | |
| Nicolás | | Martín | |
| Senén | 2 | Bosco | |
| Carlos | 2 | Antonio | |
| Diego | 2 | Pablo | |

### MGR Sarria afinou no último cuarto

| ESTU 06 41 | | MGR SARRIA 49 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | P. | Xogador | P. |
| Javier M. | | Xabi | |
| Fabio | | Christian | |
| Aless | | Antón | |
| Pablo | | Dani | |
| Javier | | Urko | |
| Adrián | | Pablo L. | |
| Martín | | Fran | |
| Diego | | Óscar | |
| Samuel | | Pablo G. | |
| Marcos | | | |

### Sagrado impón a súa lei no Anexo

| SAGRADO C. 71 | | AG ELEV. 21 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | P. | Xogador | P. |
| Pau | | Álvaro M. | |
| Antón | 6 | Martín | |
| Julián | 6 | Slatel | |
| Jorge | 5 | Xabelo | |
| Pablo | 22 | Christian | |
| Gabriel | 3 | Álvaro | |
| Samuel | 15 | Mateo | |
| Néstor | 8 | Uxío | |
| Carlos | 6 | Brais | |
| | | Nicolás | |
| | | Fausto | |

### Novena vitoria do CB Ribadeo

| CB RIBADEO 79 | | CB VIVEIRO 28 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | P. | Xogador | P. |
| Pedro | 2 | Luis | 9 |
| Iago | | Nicanor | 4 |
| Javi | 4 | Alberto | 4 |
| Jorge | 30 | Rubén | 3 |
| Dani | 21 | Juan | 2 |
| Lucas | 18 | Pablo | 6 |
| Iker | 4 | | |






Celia García, Alicia, Maricielo e Bea, do Viveiro, no banco

O CB Celtas levou a vitoria no duelo de alturas da xornada na liga masculina. Os de Alberto Méndez impuxéronse ao Ensino en Marzán e igualan a 11 vitorias aos capitalinos, aínda que manteñen a segunda praza ao non levantar o basketaverage (60-49 na ida no Anexo).

Os locais chegaron a dispoñer de 17 puntos de renda, pero Ensino reaccionou recortando distancias e obrigando a Celtas a administrar a renda nos minutos finais.

O CB Burela conseguiu sacar a espiña do partido de ida ante Cidade de Lugo. Os de Manolo Cobas apertaron en defensa e conseguiron un triunfo ante un rival que, ata o domingo, lles levaba tres triunfos de vantaxe.

Tamén desafiou a lóxica da clasificación Franciscanos, que se impuxo a Estudiantes 05 tras repoñerse dun mal primeiro cuarto no que os estudiantís levaron a iniciativa.

Non tivo mellor sorte Estudiantes 06, que acabou a xornada cunha derrota ante o MGR Sarria que estivo máis fino no último cuarto para resolver un encontro ata daquela igualado.

A xornada completouse con dous triunfos contudentes de Sagrado Corazón, que ademais aumenta nunha vitoria o seu colchón sobre o Ensino, e de CB Ribadeo, que se impuxo a CB Viveiro no derbi mariñao da décimo terceira xornada da competición masculina.

**Infantil feminino**

Na liga feminina, o pulso entre CB Burela e Ensino segue axustado tras gañaren os dous equipos os partidos da fin de semana e na véspera do duelo directo que os medirá no Anexo, dando claves para o desenlace da liga.

Se os dous primeiros alongan a súa xeira de bos resultados, o Viveiro comeza a acostumarse ás boas sensacións. As viveirenses empezaron a segunda volta da competición da mellor maneira posible, con dúas vitorias ante dous rivais da "súa liga" pero cos que caeran no inicio da temporada.

O optimismo instalouse en Viveiro, onde comezan a ver o traballo realizado ao longo da temporada.

Por último, o CB Sarria, que volvía dunha xornada de descanso, impúxose a Terras da Mariña en Lourenzá. O equipo de Maísa deu un paso adiante tras o intermedio, realizando bos minutos en ataque que lles permitiron atopar ocos na defensa mariñá, máis ferrea no primeiro periodo.



Lucas, xogador de CB Ribadeo, nun encontro no Anexo



O ribadense Jorge coa pelota nunha xogada de ataque

"El equipo tuvo una buena actitud defensiva"
MANOLO COBAS CB Burela

"En un encuentro igualado, el desacierto en el lanzamiento nos lastro en el marcador"
JUANMA Cidade de Lugo

### Os locais quitaron a espiña do Anexo

| CB BURELA 50 | | CIDADE 48 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | P. | Xogador | P. |
| Nico | 11 | Anxo | |
| Pablo | 11 | Adrián | |
| Raúl | 2 | Miguel | |
| Fabio | 19 | Jackiel | |
| Xoel | 3 | Diego | |
| Mateo | 2 | Sergio | |
| Sergio | 2 | Xacobe | |
| | | Miguel | |
| | | Ángel | |
| | | Álex | |
| | | Nacho | |

## FICHAS PARTIDOS • FRASES INFANTIL 2ª FEMININO

### O Viveiro activa o modo gañador

| CB VIVEIRO 42 | | GALÉN 35 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | P. | Xogadora | P. |
| Diana | | Marta | 14 |
| Daniela | | Ana | 2 |
| Alba | | Nuria | 2 |
| Bea | | María | 7 |
| Alicia | 11 | Carla V. | 2 |
| Celia B. | 6 | Claudia | 6 |
| Sara | | Antonella | 2 |
| Marta | | Icía | |
| Helena | 18 | | |
| Celia G. | 7 | | |
| Aymara | | | |

### Sarria saíu mellor tras o intermedio

| T. MARIÑA 44 | | CB SARRIA 59 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | P. | Xogadora | P. |
| Lía | 5 | Mencía | |
| María | 6 | Andrea | |
| Adriana | 16 | Candela | |
| Uma | | Marta | |
| Carmen | 10 | Olaia | |
| Fátima | | Gabriela | |
| Antía | 2 | Uxía | |
| Diana | 5 | Lorena | |
| | | Rut | |
| | | Cata | |
| | | Ángela | |
| | | Claudia | |

### Burela despegou no terceiro cuarto

| CB BURELA 72 | | ESTUDIANTES 28 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | P. | Xogadora | P. |
| Sara | 23 | Julia | 10 |
| Sabela | 5 | Marta | 2 |
| Sofía | 10 | Lucía G. | |
| Iria | 17 | Lucía M. | |
| Lucía P. | 6 | Eva García | |
| Sandra | 6 | Carmen | |
| Henar | 4 | Alejandra | 7 |
| Lucía S. | 2 | Leyre | 5 |
| Paula R. | 1 | Almoina | 4 |

### Ensino agarda invicto ao Burela

| ENSINO 63 | | FRANCISC. 12 | |
|---|---|---|---|
| Xogadora | P. | Xogadora | P. |
| Carolina F. | 18 | Ana | |
| Carla | 7 | María | |
| Antía | 10 | Carmela | |
| Laura V. | 6 | Lucia | |
| Enma | 6 | Laura | |
| Laura N. | | Ángela | |
| Sara | | Pilar | |
| Raquel | | Celia | |
| Paula | 2 | Andrea | |
| Carolina Q. | | Miriam | |
| Ariadna | 7 | | |
| Daniella | 7 | | |

"Disputamos el mejor partido de la temporada. Estamos creciendo como equipo"
MARCO CB Viveiro

"Partido muy competido en el que luchamos hasta el final y nos sirve para seguir creciendo"
AMIR TABOADA Galén Ensino

"Luchando como lo hicimos en este partido, llegarán victorias"
MARIANO Terra da Mariña

"Estamos madurando como equipo y mejorando en la comprensión del juego"
MAÍSA CB Sarria

"Buen partido de todas las jugadoras"
CARLOS MADAR CB Burela

"Partido difícil ante un buen rival"
NICO FERNÁNDEZ Estudiantes

"Una victoria importante para el equipo antes de recibir al Burela"
AIGOR ROMO Ensino

"Pasamos por nuetro peor momento"
ANXO NADELA Franciscanos

# CADETE 2ª MASCULINO E FEMININO

## FICHAS PARTIDOS • FRASES CADETE 2ª MASCULINO

"Partido para olvidar"
RUBÉN ENGROBA Sagrado

"Buen partido de todos los jugadores"
SEBAS Viveiro

"Pese a la diferencia en el marcador, el partido nos ha servido para dar un paso adelante en defensa y salida de balón"
RUBÉN PERNAS Oral Design

"En cuanto nos pusimos serios defensivamente, rompimos el partido"
JESÚS PLACER Estudiantes

"Debemos reflexionar sobre el motivo de este resultado"
JAVI MOYA MGR Sarria

"Seguimos mejorando en defensa"
MANOLO COBAS San Ciprián

### Viveiro sentenciou no último cuarto

| SAGRADO 42 | | VIVEIRO 61 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | P. | Xogador | P. |
| Javi G. | 2 | Michael | 7 |
| Elías | | Alejandro | 10 |
| Juan | 9 | Luis C. | 4 |
| Pablo R. | | Raúl | 4 |
| Álex | 5 | Agustín | 13 |
| Yago | 3 | Xosé | 23 |
| Dani | 21 | | |
| Javi S. | | | |
| Alberto | 2 | | |
| Mario | | | |

### A diferenza medrou na segunda parte

| ORAL DESIGN 38 | | ESTU ROJO 61 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | P. | Xogador | P. |
| Iago Arza | | Pablo | 8 |
| Tomás | | Álex Bao | 10 |
| Unax | | Andrés | 6 |
| Miguel | | Diego | 4 |
| Mario | | Jorge | 11 |
| Hugo | | Juan Rguez. | 4 |
| Santiago | | Jaun Bao | 12 |
| Yago | | Dani | 6 |
| Urko | | | |
| Xabi | | | |
| Antón | | | |

### Décima vitoria do San Ciprián

| MGR SARRIA 36 | | SAN CIPRIÁN 71 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | P. | Xogador | P. |
| Iaguito | | Hugo | 14 |
| Eros | | Mario | 19 |
| Héctor | | Miguel | 15 |
| Carlos | | Álex | 2 |
| Esteban | | Diego | 11 |
| Juan | | Martiño | 10 |
| Chao | | Estiven | |
| Martín | | Lucas | |
| Florian | | | |

www.liderlugo.es
A PARTIR DE CADA MÉRCORES
Todas as fotos da xornada na WEB

## 18/02

**ENSINO-ESTU AZUL**
O derbi capitalino da décimo segunda xornada da liga aprazouse ata o vindeiro luns, 18 de febreiro. Os celestes chegarán ao duelo invictos e coa intención de recuperar o liderado que ocupa, provisionalmente, o San Ciprián

A décimo segunda xornada da liga provincial cadete masculina saldouse con tres vitorias visitantes.

O San Ciprián venceu ao MGR Sarria no Chanto, sumando dez triunfos que o sitúan, por esta semana, no máis alto da clasificación.

Os de Manolo Cobas saíron á cancha coa lección aprendida despois das dificultades do partido da ida na Veiga, onde gañaran cunha marxe exigua, de 4 puntos, despois de ir perdendo.

O aviso da ida serviulles aos mariñaos para saír á cancha do Chanto concentrados e completar un bo partido con movemento rápido de balón, tiros cómodos e poderío reboteador ante un MGR Sarria errático que nunca se atopou cómodo no encontro.

Non foi unha boa fin de semana para o club sarriao, xa que o Oral Design tamén caeu na casa contra o Estudiantes Rojo. Os locais acurtaron a 12 puntos a diferenza cos celestes nos mellores momentos do partido, pero nos últimos minutos viron crecer de novo a distancia no marcador.

O CB Viveiro impúxose a Sagrado Corazón na Frigsa. Como sucedera na ida, os viveirenses levaron a iniciativa pero tiveron que agardar ata o último cuarto para despegarse definitivamente no marcador e asegurar a súa cuarta vitoria na competición.

**Cadete feminino**

A vindeira fin de semana comezará a segunda fase da competición feminina. CB Ría de Ribadeo, Ensino 03, Estudiantes Azul, Estudiantes Rojo, Emergal CB Terra Chá e Terras da Mariña competirán polo título provincial da categoría e a posibilidade de loitar polo ascenso.


Javi, do Sagrado, nun contraataque ante Xosé


O viveirense Agustín coa pelota defendido por Juan


Javi a piques de lanzar a canastra ante Luis


Sebas dando instruccións no banquiño a Agustín

PLANET MINI
ESCOLA DE FORMACIÓN +inf Tlf. 619.662.709 • correo planetmini@gmail.com • Twitter @PlanetminiL

# JUNIOR 2ª MASCULINO E FEMININO

## FICHAS PARTIDOS • FRASES JÚNIOR 2ª MASCULINO

**“Contento con la tranquilidad del equipo para remontar”**
MARCOS LÓPEZ Estudiantes

**“Obxectivo cumprido cun bo partido a pesar das importantes ausencias”**
RUBAL CB Ribadeo

**“Primeros de grupo con un equipo del 2002, enhorabuena a los jugadores por el esfuerzo realizado”**
ÓSCAR ENGROBA Hierros

**“Partido marcado por las buenas defensas de ambos conjuntos”**
CARLOSO NOVO CB Viveiro

**“Gran esfuerzo colectivo en defensa y buen movimiento de balón en un partido en el que jugadores menos habituales dieron un paso adelante”**
ARMANDO CB Burela

### Ribadeo amarra a clasificación

| ESTUDIANTES 68 | | CB RIBADEO 66 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | P. | Xogador | P. |
| Alberto | 9 | Álex | |
| Piedra | 18 | Pablo | 2 |
| Diego | 16 | Carlos | |
| Jorge | 15 | Roi | 11 |
| Pedro | 10 | Mario | 22 |
| Carlos B. | 1 | Carreira | 8 |
| Carlos V. | | Migui | 7 |
| Adrián | | Adrián P. | 10 |
| | | Darling | 2 |
| | | Jose | 4 |

### Hierros pasa como primeiro de grupo

| HIERROS 55 | | CB VIVEIRO 41 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | P. | Xogador | P. |
| Mario | | Xosé | 10 |
| Juan | 2 | Diobis | 21 |
| Adrián | 2 | Michael | |
| Miguel | 2 | Alejandro | |
| Julián | 16 | Pablo | 2 |
| Martín | 8 | Mateo | 2 |
| Mateo | 4 | Adrián | 4 |
| Jorge | | David | 2 |
| David | | | |
| Álex | 2 | | |
| Dani | 19 | | |
| Pablo | | | |

### Burela volveu vencer a Cidade

| CIDADE 39 | | CB BURELA 47 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | P. | Xogador | P. |
| Non facilita | | Mario | |
| información | | Álex | |
| | | Hugo Cobas | |
| | | Dani | |
| | | Víctor | |
| | | Iván | |
| | | Samu | |


David busca un pase ante Adrián e David Arias


Adrián mira o aro defendido por Diobis Imbert






## 2ª FASE

Hierros Ferreiro e CB Ría de Ribadeo competirán cos mellores equipos de Coruña e Ferrol polas dúas prazas en xogo para disputar a promoción de Ascenso Á máxima categoría do baloncesto xuvenil galego

Hierros Ferreiro e CB Ría de Ribadeo protagonizaron as celebracións na última xornada da liga.

Os de Óscar Engroba lograron en Viveiro a vitoria necesaria para clasificarse para a segunda fase da competición como primeiros de grupo. Aínda que nas primeiras accións a presión puido cos capitalinos, o paso dos minutos permitiulles ir encauzando o partido para lograr o triunfo.

Pero o maior botín en xogo era o outro billete para a competición que decidirá as opcións de loitar polo ascenso. O boleto poñíase en xogo no duelo directo entre Estudiantes e Ribadeo ao que os celestes chegaban máis esixidos, coa necesidade de gañar e recuperar o average de +8 co que contaban os ribadenses, sen Gautama e Alberto para o encontro.

Despois dun primeiro cuarto de igualdade (13-15), a clasificación poñíase moi costa arriba para os celestes que, no segundo periodo, encaixaban un parcial de 9-23.

Lonxe de dar o obxectivo por perdido, na segunda metade, os celestes reaccionaron cun cambio de defensa e tranquilidade para evitar a precipitacion en ataque. Con esa formulación, ao final do terceiro cuarto anotábanse un parcial de 23-7 que volvía deixar o partido igualado, 45-45. O derradeiro periodo comezou con vantaxes visitantes que os locais neutralizaron cun gran acerto desde a liña de tres, sen poder ir máis aló. O Ribadeo decidiu conservar a renda e non pelexar pola vitoria. Así, o triunfo foi dos celestes, pero os mariñaos conservaron o average que lles permitirá loitar, xunto a Hierros Ferreiro, por unha das prazas de ascenso en xogo na segunda fase da competición.

A xornada completouse coa vitoria do CB Burela ante Cidade de Lugo.


Juan, HIerros, lanza a canastra ante David e Diobis


O ribandense Mario lanza por riba de Adrián e Piedra


Darling trata de avanzar defendido polo cadete Pedro

### Xuvenil feminino

A tensión para a última xornada da liga feminina era menor. Ribadeo e Ensino xa tiñan garantizadas as súas prazas na segunda fase antes de comezar unha fin de semana que encumou ás ribadenses.

As de Jose Vázquez lograron ante o San Ciprián a vitoria que precisaban para asegurar a primeira praza do grupo. O obxectivo estaba claro e non fixeron ningunha concesión, iniciando o partido cun ritmo de xogo moi alto e asegurando o rebote defensivo.

As ribadenses executaron á perfeccion o previsto e enseguida conseguiron marchar no marcador pese ao inicio combativo de San Ciprián. O derradeiro partido da liga deixou ademais unha nova exhibición de Jessi, que anotou 28 puntos, entre eles 5 triplos.

## 2ª FASE

CB Ribadeo, campión de grupo, e Ensino son os equipos lucenses con opcións de loitar por as prazas de ascenso na segunda fase da competición que arranca os vindeiros 22, 23 e 24 de febreiro


Unha xogadora de Terra Chá no encontro ante Ensino


A ensinista Lía coa pelota ante a mirada de Ale

## FICHAS PARTIDOS • FRASES JÚNIOR 2ª FEMININO

### Ribadeo, pletórico á segunda fase

| RIBADEO 72 | | SAN CIPRIÁN 22 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | P. | Xogador | P. |
| Aldara | | Carla | |
| Marina | | Eiroa | |
| Jessi | 28 | María | |
| Fátima | 21 | Kesia | |
| Andrea | 7 | Irina | |
| Ana Canel | 13 | Idaira | |
| Sara | | Ángela | |
| Irene | 3 | Marta | |
| María | | Claudia | |
| Julia | | Eva | |
| | | Maruxa | |

### Ensino amosa músculo colectivo

| ENSINO 82 | | TERRA CHÁ 37 | |
|---|---|---|---|
| Xogador | P. | Xogador | P. |
| Adriana | 11 | Non facilita | |
| Lucía | 10 | información | |
| Iria | 10 | | |
| Kristina | 15 | | |
| Carmen | 6 | | |
| Alejandra | 11 | | |
| Zeltia | 11 | | |
| Rosalía | 8 | | |

**“Pasar de equipo revelación a campeonas de grupo es el resultado del trabajo y el esfuerzo de todas mis jugadoras durantes estos meses”**
JOSE Ribadeo

**“Buena primera parte, competimos hasta que el físico aguantó. A pesar del resultado se aprecia una pequeña mejoría”**
JUANJO San Ciprián

**“Una gran victoria del grupo”**
AIGOR ROMO Ensino

DEPUTACIÓN DE LUGO — A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE

# Piragüismo

## A DEPUTACIÓN DE LUGO REVALIDA O PREMIO Á MELLOR COLABORACIÓN INSTITUCIONAL Recoñecemento por segundo ano consecutivo polo seu continuo apoio a esra modalidade deportiva, para a que este ano destinou 160.000 euros



O Goberno da Deputación recibiu o galardón á Mellor Colaboración Institucional na Gala do Piragüismo Galego 2018 celebrada este sábado no Pazo de San Marcos. O Executivo Provincial recibiu, por segundo ano consecutivo, esta distinción polo seu apoio continuo a este deporte, para o que na pasada anualidade achegou máis de 160.000 euros. Desta cantidade, 85.000 euros foron para o Programa de Promoción Provincial do Piragüismo, 20.000 para os 7 clubs lucenses desta modalidade, 19.500 euros para o mantemento da Escola Provincial, 6.000 para bolsas a padexeiros, e 30.000 euros para a celebración de eventos como a Liga Provincial de Piragüismo, a Travesía de Foz ou o Descenso Internacional do Miño.

É a primeira vez que a cidade de Lugo acolle esta Gala na que participaron o Presidente, Darío Campos Conde; o Deputado de Deportes, Pablo Rivera Capón; a Alcaldesa de Lugo, Lara Méndez López; o Concelleiro de Deportes, Miguel Fernández Méndez; ademais de padexeiros, adestradores e representantes dos distintos clubs de piragüismo de toda Galicia.

Campos Conde puxo en valor "o traballo que fan os 7 clubs lucenses polo crecemento e promoción deste deporte entre os veciños da provincia, tanto nenos como adultos, sendo quen de crear cada vez máis afección. Para este Goberno é unha honra poder acoller a primeira Gala do Piragüismo Galego que se celebra na nosa cidade no Pazo de San Marcos, o que supón unha nova mostra do apoio que dende o Executivo prestamos a un deporte que tantos éxitos e alegrías nos ten regalado nos últimos anos".

Na gala, organizada pola Federación Galega de Piragüismo, foron premiados os mellores piragüistas galegos nas diferentes categorías, entre eles, os lucenses Cristian Toro, Tania Fernández e Xoel García. Tamén foron premiados os mellores equipos de cada categoría, o equipo revelación, o mellor árbitro, medio de comunicación, adestrador, mellor regata organizada, o gañador do premio Especial Xunta Directiva e os principais patrocinadores.

### Lucenses Premiados

Ata 3 piragüistas lucenses, cos que colabora o Goberno da Deputación, recibiron un premio por ser os mellores deportistas galegos nas súas respectivas categorías:

Cristian Toro (Club Fluvial de Lugo): recibiu o premio ao Mellor Deportista Sénior Masculino no ano 2018, no que conseguiu ser campión de Europa nas modalidades K-4 500 e K-2 200, e subcampión do mundo en K-2 200 e K-4 500. O lucense recibiu no ano 2016 a Medalla de Ouro da Deputación, ademais dun premio económico de 5.000 euros por ser o único medallista olímpico da provincia en activo.

Tania Fernández (Club Fluvial de Lugo): gañadora do premio á Mellor Deportista Sénior Feminina xunto coa súa compañeira Tania Álvarez. No ano 2018 conseguiu o bronce na modalidade K-2 na categoría sénior do Campionato do Mundo de Maratón, e o 4º posto na mesma modalidade no Campionato de Europa de Maratón. O Goberno da Deputación colabora con esta deportista a través dunha bolsa.

Xoel García (Kayak de Foz): recibiu o galardón ao Mellor Deportista Xuvenil Masculino. Na pasada tempada conseguiu a medalla de bronce K-2 1.000 metros na categoría xuvenil do Campionato do Mundo de Sprint. O Goberno da Deputación colabora con esta promesa do piragüismo a través dunha bolsa, enmarcada na liña de axudas para deportistas individuais.

### Axudas da Deputación ao piragüismo

O piragüismo é un dos deportes con máis tradición e seguimento na provincia de Lugo, que conta cun total de 7 clubs: Club Deportivo San Ciprián, Club Piragüismo Cidade de Lugo, Club Fluvial de Lugo, Club Kayak de Foz, Club Piragüismo Viveiro, Club Piragüismo Altruan de Ribadeo e Club Montaña Quixós, de Monforte de Lemos. Co obxectivo de que esta modalidade continúe medrando na provincia, o Goberno da Deputación financiou no ano 2018 diferentes liñas de actuación:

– O Programa de Promoción Provincial do Piragüismo: o Executivo Provincial destinou en 2018 unha achega de 85.000 euros para o desenvolvemento desta iniciativa a través dos clubs lucenses, co obxectivo de achegar este deporte a toda a poboación, tanto en idade escolar como adulta, mediante o desenvolvemento de actividades específicas e a posta en común de medios e persoal cualificado. Entre as diferentes accións que este orzamento permite levar a cabo, atópanse:

1. Promoción nos centros educativos a través da campaña "Deporte Educación". No último ano participaron en este programa 3.547 alumnos de 35 colexios de 15 Concellos da provincia.
2. Desenvolvemento do programa federado: asesoramento técnico nos procesos de adestramento aos clubs, realización dun control e seguimento destes procesos e dos resultados competitivos e académicos aos padexeiros lucenses a través de visitas aos clubs e concentracións.
3. Desenvolvemento de xornadas técnicas, cursos de formación e accións docentes necesarias para a formación dos técnicos dos clubs.

– Colaboración de 20.000 euros cos 7 clubs de piragüismo da provincia, a través da liña de axudas de concorrencia competitiva para contribuír a sufragar os gastos derivados da tempada.

– Bolsas para os padexeiros lucenses: 13 axudas por un valor total de 6.000 euros.

– Achega de 19.500 euros para os gastos correntes e de mantemento da Escola de Piragüismo.

– Organización de diferentes eventos como: a Liga Provincial, o Descenso Internacional do Miño ou a Travesía de Foz, para os que o Executivo Provincial achegou 30.000 euros.

Outras axudas ao piragüismo nos últimos anos

Unha das actuacións máis destacadas do Goberno da Deputación en apoio ao piragüismo nos últimos anos foi a construción dun novo hangar de piraguas en Foz. O Executivo Provincial financiou en solitario con 100.000 euros o edificio, que supuxo un novo pulo para o desenvolvemento de labores de formación e promoción do piragüismo na Mariña.

DEPUTACIÓN DE LUGO — A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE